



Instrución 1/2026, do 12 de marzo, da Secretaría Xeral, sobre o desenvolvemento do voto electrónico nos procesos electorais da Universidade da Coruña

Preámbulo

O artigo 15 do Regulamento electoral xeral (en diante, REX) establece que a Secretaría Xeral ditará as instrucións necesarias para o desenvolvemento do voto electrónico. Nelas deberán determinarse, en función do sistema informático electoral que se empregar, a composición e as funcións da mesa electoral electrónica, a información proporcionada polo sistema, o modo de identificación das persoas electoras, os períodos para a emisión do voto e o modo de votación.

En cumprimento do disposto no artigo 15 do REX dítanse as seguintes instrucións.

Artigo 1. Obxecto

1. O sistema de votación electrónica consiste na emisión do voto de forma remota mediante técnicas que garantan a accesibilidade, o secreto e integridade do voto.
2. O procedemento de emisión de voto e o escrutinio dos votos emitidos farase a través de protocolos, algoritmos e procedementos seguros.
3. O sistema de votación electrónica rexerase polos principios de neutralidade, seguridade, confidencialidade e integridade do voto.
4. O sistema de votación electrónica permitirá votar desde calquera terminal ou dispositivo actualizado conectado a internet e con acceso a un navegador web de uso común e habitual.
5. No Taboleiro Electrónico Electoral deberá figurar a información técnica sobre a plataforma de voto electrónico que se empregue en cada proceso electoral, que acredite o cumprimento das esixencias establecidas neste artigo.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

A aplicación do sistema de votación electrónico será a ordinaria en todos os procesos electorais da UDC, salvo que a Comisión Electoral acorde utilizar o procedemento electoral simplificado con voto en urna, conforme o disposto no artigo 21 do REX.



Artigo 3. Acreditación da identidade do/da votante

Cada votante accederá á plataforma de voto mediante as credenciais propias da UDC, integrándose a plataforma de voto coa plataforma de autenticación da UDC para permitir a identificación.

Artigo 4. Mesa electoral electrónica

1. Constituirase unha mesa electoral específica para o voto electrónico integrada por tres membros da Comisión Electoral, entre os que estarán as persoas que ocupen a súa presidencia e a secretaría.

2. Corresponde á mesa electoral electrónica velar pola orde e o respecto das normas electorais, atendendo ás especificidades do sistema de votación electrónica e, en particular, as funcións seguintes:

- a) Custodiar as chaves que habilitan a creación das urnas electrónicas, a apertura do proceso de votación e a execución do escrutinio electrónico.
- b) Executar o escrutinio electrónico.
- c) Expedir os informes de resultado do escrutinio e remitirlos á presidencia da Comisión Electoral.

3. A mesa electoral electrónica contará co apoio de persoal experto para o asesoramento técnico en materia informática para a resolución de cantas cuestións desta índole se presenten no desenvolvemento do proceso electoral. Este persoal asesor será designado pola Xerencia e poderá asistir con dereito a voz, pero sen voto, ás sesións da mesa.

Artigo 5. Configuración da elección

Na fase de configuración da elección corresponde á Secretaría Xeral establecer os contidos das pantallas de votación de acordo cos criterios establecidos no REX, así como supervisar o formato e contido das papeletas, co apoio, de resultar preciso, da Comisión Electoral.

Artigo 6. Opcións de voto

1. O sistema garantirá o acceso de cada votante, unha vez acreditada a súa identidade, a unha contorna dixital onde figurarán as opcións de voto.

2. A presentación das opcións de voto realizarase baixo un principio de estrita neutralidade. Cada opción conterá o nome e apelidos de cada candidato ou candidata e responderá a idéntico formato.

3. A orde alfabética en que figurarán as candidaturas determinarase segundo o resultado do sorteo anual realizado pola consellaría con competencias en materia de facenda e administración pública para establecer a orde de actuación



das persoas aspirantes nos procesos de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 7. Período de votación

1. No calendario electoral que acompañe a cada convocatoria fixarase o período durante o que se poderá emitir o voto electrónico, así como o horario de inicio e peche da votación.
2. Ningún/ha votante poderá acceder á plataforma electrónica fóra dos límites temporais previstos.

Artigo 8. Votación electrónica

1. Consideraranse votos validamente emitidos os efectuados a candidaturas proclamadas definitivamente ou os votos en branco, isto é, emitidos sen seleccionar ningunha das candidaturas.
2. O/a votante debe poder modificar a súa elección en calquera momento do proceso de votación electrónica ou interromper o procedemento, antes de emitir o seu voto. Para tal fin, o sistema permitirá a revisión e confirmación das opcións seleccionadas de forma previa á emisión do voto. Unha vez emitido o voto, a acción non se poderá reverter nin poderá accederse novamente ao proceso electoral.
3. O sistema electrónico de votación contará cun mecanismo que rexistre todos os eventos que se suceden durante a votación, a descifra dos votos e o seu recuento final e que permita verificar o correcto desenvolvemento do proceso e dos resultados electorais e a realización de auditorías de control, garantíndose en todo caso o anonimato do voto.
4. Para garantir a representación paritaria nos órganos colexiados, o dereito de voto estará condicionado ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 16 do REX, que deberán figurar nas papeletas. No procedemento de voto electrónico impedirse a emisión do voto cando non se cumpran as ditas condicións.

A aplicación das condicións realizarase conforme o disposto no anexo desta instrución.

Artigo 9. Escrutinio

1. Unha vez finalizado o período de votación, a mesa electoral de votación electrónica ordenará o inicio do escrutinio, que será público. A información sobre a hora e lugar en que se desenvolverá o escrutinio será publicada no Taboleiro Electrónico Electoral.



2. O sistema de escrutinio incluírá instrumentos que impidan relacionar o voto coa identidade de quen o emitira.
3. Unha vez finalizado o escrutinio, a mesa electoral de votación electrónica remitirá o resultado á presidencia da Comisión Electoral para que se publique no Taboleiro Electrónico Electoral.
4. As claves e os votos electrónicos custodiaranse e conservaranse ata a total finalización do proceso electoral correspondente.

Artigo 10. Incidencias técnicas

1. Se por calquera incidencia técnica non fose posible iniciar o acto de votación ou se interrompese unha vez iniciado, a Comisión Electoral, en función da duración e natureza da causa ou incidencia ou doutras circunstancias, poderá adoptar calquera das solucións seguintes:
 - a) Prorrogar a duración do período da votación electrónica polo tempo necesario de acordo ao carácter da incidencia técnica.
 - b) Suspende ou aprazar a votación.
 - c) Calquera outra de menor impacto que as anteriores que puidese minimizar o impacto da incidencia.
2. As solucións ou medidas adoptadas serán publicadas no Taboleiro Electrónico Electoral e daránselles a máxima difusión posible para favorecer que sexan coñecidas polas persoas afectadas.

Na data da sinatura dixital.

A secretaria xeral

**Anexo: Aplicación das regras de representación paritaria nos órganos colexiados**

Segundo se dispón no artigo 16.2 do REX:

“Para os efectos de garantir unha representación paritaria nos órganos colexiados, as persoas electoras exercerán o seu dereito ao voto cos dous condicionantes seguintes:

a) Poderán votar, como máximo, o setenta por cento (70 %) do número total de postos para cubrir, agás no caso dun único posto.

b) Dese setenta por cento de postos para cubrir, poderá votarse como máximo ao sesenta por cento (60 %) das candidaturas dun dos sexos.

Estas condicións deberán figurar nas papeletas. No procedemento de voto electrónico impedirase a emisión do voto cando non se cumpran estas condicións”.

Para a aplicación destas regras terase en conta o seguinte cadro:

A	B	C	A	B	C
1	1	1	21	14	8
2	1	1	22	15	9
3	2	1	23	16	10
4	2	1	24	16	10
5	3	2	25	17	10
6	4	2	26	18	11
7	4	2	27	18	11
8	5	3	28	19	11
9	6	4	29	20	12
10	7	4	30	21	13
11	7	4	31	21	13
12	8	5	32	22	13
13	9	5	33	23	14
14	9	5	34	23	14
15	10	6	35	24	14
16	11	7	36	25	15
17	11	7	37	25	15
18	12	7	38	26	16
19	13	8	39	27	16
20	14	8	40	28	17

A columna A indica o número de postos que hai para cubrir; a columna B o número máximo de candidaturas ás que se pode conceder o voto; e a columna C o número máximo de persoas candidatas dun mesmo sexo ás que se pode votar.